



---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A ADMISIÓN DO ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

---

O Consello Escolar de Galicia, nas súas sesións dos días 9 e 10 de xaneiro de 2007, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1.- Proponse a inclusión no último parágrafo do preámbulo, no lugar correspondente, a seguinte expresión: “... logo do informe do Consello Escolar de Galicia, ...”.

2.- Para o punto 5 do artigo 2º, proponse engadir a continuación do parágrafo o seguinte texto: “A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dotará aos centros dos recursos necesarios para facer posible a gratuidade das ensinanzas de carácter gratuíto, de acordo co artigo 88 da Lei orgánica de educación”.

3.- No punto 2 do artigo 3º, proponse incluír o texto: “actividades complementarias” a continuación de: “...así como das actividades extraescolares, ...”.

Así mesmo, proponse incluír a palabra: “estimativa” despois de “... non lucrativo que ofrecen, coa indicación...”.

4.- Para o apartado c) do punto 3, do artigo 3º, proponse a substitución do texto: “Zona de influencia de cada ensinanzas e da adscrición do centro, se existe, a outros centros”; polo seguinte: “Área de influencia de cada unha das ensinanzas e da adscrición do centro, se existe, a outros centros”.

5.- Proponse que se engada o texto seguinte ao final do punto 1 do artigo 5º: “e sen prexuízo do dereito das familias a solicitar o cambio de centro”.



6.- O Consello Escolar recomenda tamén que, para garantir o dereito da permanencia do alumnado ata a finalización das ensinanzas, será necesario que na normativa de desenvolvemento deste Decreto se garanta que se cumpran os requisitos de reserva de praza que se establezan pola Administración educativa, para os efectos de realizar previsións de vacantes dos centros para o próximo curso”.

7.- No punto 3 do artigo 6º, propónse a substitución do texto polo seguinte: “Se non mediara solicitude dos titulares ou o centro concertado non tivera outro centro privado ao que adscribirse conforme ao disposto no parágrafo anterior, o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, oídos os centros afectados, poderá facer a adscripción a centros públicos ou privados concertados”.

8.- Propónse a inclusión da expresión: “, para os centros públicos,”, no punto 2 do artigo 7º, despois de: “...o solicitante pretende ser admitido, sen prexuízo...”.

9.- No punto 5 do artigo 7º, propónse a substitución de: “Anularase a solicitude”; por: “Será ineficaz a solicitude”.

10.- Para o punto 1 do artigo 8º, propóñense dúas cousas. A primeira, consiste en substituír “... delimitarán, de acordo co procedemento que se estableza, ...”, polo seguinte: “... delimitarán de acordo co procedemento que se estableza no que serán oídos os sectores afectados,”.

A segunda, cambiar a expresión: “Para determinar a área de influencia de cada centro terase en conta a súa capacidade e a poboación a escolarizar do seu contorno, tendo en conta á hora de fixalas que se poida ofrecer aos solicitantes, sempre que sexa posible, como mínimo un centro público e outro privado concertado”, pola seguinte: “Para determinar a área de influencia de cada centro terase en conta a súa capacidade e a poboación a escolarizar do seu contorno, tendo en conta á hora de fixalas que se poida ofrecer aos solicitantes un centro público e sempre que sexa posible, un centro privado concertado”.

11.- O Consello Escolar propón que se cambie a expresión “ou” por “e” no título do artigo 9º.

12.- O Consello propón que se engada ao final do punto 4 do artigo 9º, o seguinte parágrafo: “En todo caso respectando os convenios colectivos correspondentes”.

Así mesmo propón un novo parágrafo nese mesmo punto. O texto proposto é o seguinte: “Tamén terá esta consideración o persoal de empresas de servizos contratados polo centro, cando este cumpra, cando menos, o sesenta por cen da súa xornada laboral no centro”.

13.- Para o punto 1 do artigo 11º propónse cambiar a expresión: “renda per cápita”, por: “renda anual”.



14.- Para o apartado d), do punto 3 do artigo 17º, propónse a inclusión de: “..., titor legal”, a continuación de: “..., ou no seu pai, nai ...”.

15.- O Consello propón que se substitúa o título do artigo 22º polo seguinte: “Valoración da renda anual da unidade familiar”.

16.- O Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa a que fixe un factor de corrección para o cálculo da renda anual da unidade familiar cando as familias sexan numerosas.

17.- Para o apartado d) do artigo 22º propónse unha nova redacción que diga: “Ingresos iguais ou superiores ao triplo do indicador público de renda de efectos múltiples: 0 puntos”.

18.- Para o punto 1 do artigo 29º propónse a adición de: “e supervisar” despois de “...coa finalidade de garantir”.

19.- Para os apartados c), e) e f) do punto 1 do artigo 30º, o Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que os regule para aquelas zonas educativas nas que non haxa centros concertados. Como posible texto podería recollerse algo así como: “No caso de inexistencia de centros concertados na zona, acumularase o segundo posto de representante a outro do centro público”.

Así mesmo, para o apartado f) do dito punto, propónse unha nova redacción co seguinte texto: “Dous representantes do profesorado, un deles dun centro público a proposta da Xunta de Persoal Docente e outro a proposta das organizacións sindicais con representación no ensino concertado”.

20.- Ao final do punto 3 do artigo 31º, O Consello propón que se engada o seguinte: “... na que participarán todos os sectores afectados”.

21.- Para o punto 3 do artigo 32º, propónse a substitución do texto que vai dende “Contra as resolucións ...”, ata o final. O novo texto é o seguinte: “Contra as resolucións destas reclamacións poderá presentarse denuncia ante o Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por incumprimento das normas que regulan a admisión de alumnado. A resolución dos titulares das Delegacións Provinciais porán fin á vía administrativa”.

22.- No punto 2 do artigo 33º, propónse a supresión de “... segundo a redacción dada ao mesmo na disposición final primeira da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro”.

23.- Para a disposición adicional primeira propónse un texto engadido: “, sen prexuízo das competencias que este Decreto atribúe aos diferentes órganos de goberno no proceso de admisión”.



24.- Proponse que se engada ao final do texto da disposición adicional oitava, o seguinte: “, respectando, sempre que sexa posible, o dereito de elección de centro dos pais”.

25.- O Consello Escolar de Galicia propón que a comisión técnica encargada de redactar o proxecto de decreto revise unha vez máis o texto para corrixir o que parecen ser erros de redacción, como por exemplo: comézase coa numeración do artigos como “X” e a partir do artigo 10ºponse sen o “o”. Hai expresións que deberían cambiarse, por exemplo, cambiar “aos efectos”, por: “para os efectos”; “aportación” por “achega”; “dictame” por “ditame”; “dictou” por “ditou”, etc. Outras veces faltan datos, como por exemplo no parágrafo 4º do preámbulo, onde non se especifica a data da Lei orgánica mencionada. Tamén recomendamos a utilización de sinónimos para non repetir ata tres veces en tres liñas consecutivas o verbo regular.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

V. e Pr.

A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo